



Asunto: Resolución de inscripción da xunta directiva.

Con data 29 de novembro de 2022 recibíuse solicitude de inscripción da modificación da xunta directiva, formulada por PATRICIA MARINA LOPEZ ROMERO en nome e representación da PEQUES AZULES, inscrita no Rexistro Central de Asociacións da Comunidade Autónoma de Galicia, co núm. **2020/024294-1**, e tendo en conta os seguintes FEITOS:

Único. Xunto coa solicitude presentouse acta ou certificación do acordo adoptado pola asemblea xeral da Asociación en data 21 de novembro de 2022, na que consta a identidade das persoas titulares da xunta directiva ou órgano de representación da entidade, e os seus respectivos cargos, coa seguinte composición:

Presidente/a	PATRICIA MARINA LOPEZ ROMERO
Vicepresidente/a	M ^a JULIETA FERNÁNDEZ LÓPEZ
Secretario/a	PATRICIA FERNÁNDEZ VILAS
Tesoureiro/a	RAQUEL MEJUTO GAYOSO
Vogal	GUSTAVO JAVIER DÍAZ SANDOVAL
Vogal	RÓMULO JAVIER RUÍZ SANDOVAL

CONSIDERACIÓNS LEGAIS

Primeiro. O artigo 22 da Constitución española reconece o dereito de asociación, a Lei orgánica 1/2002, do 22 de marzo, reguladora do dereito de asociación, reconece e regula o dereito de asociación e o Real decreto 949/2015, do 23 de outubro, polo que se aproba o Regulamento do Rexistro Nacional de Asociacións, establece os requisitos substantivos e de carácter formal que deben cumprir este tipo de entidades para seren inscritas.

Segundo. O Decreto 336/1996, do 13 de setembro, sobre asunción de funcións e servizos transferidos á Comunidade Autónoma de Galicia en materia de asociacións e espectáculos públicos, respectivamente, polos reais decretos 1639/1996 e 1640/1996, ámbolos dous do 5 de xullo, e a súa asignación á Consellería de Xustiza, Interior e Relacións Laborais; e o Decreto 276/1997, do 25 de setembro, polo que se crea o Rexistro Central de Asociacións e se regula a organización e o funcionamento dos rexistros de asociacións da Comunidade Autónoma de Galicia, determinan a competencia rexistral desta Administración en materia de asociacións.

Terceiro. En aplicación desta normativa, unha vez examinada a documentación incorporada ao expediente, considérase que cumpre os requisitos establecidos para a súa inscripción no Rexistro de Asociacións da Comunidade Autónoma.

Cuarto. Esta Secretaría Xeral Técnica é competente para resolver este procedemento, en virtude do Decreto 117/2022, do 23 de xuño, polo que se establece a estrutura orgánica da Vicepresidencia Segunda e Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes.

Vistos os preceptos legais citados e demais normas de xeral aplicación, PROPOÑO:





Inscribir as persoas titulares da xunta directiva ou órgano de representación da PEQUES AZULES de conformidade co expresado no feito único desta resolución, e depositar no Rexistro a documentación preceptiva para os efectos de publicidade previstos no artigo 22 da Constitución. Esta inscrición non exonera as persoas interesadas do cumprimento da normativa vixente reguladora das actividades necesarias para o desenvolvemento dos fins estatutarios.

Contra a presente resolución, que non esgota a vía administrativa, poderá interpoñer recurso de alzada ante o vicepresidente segundo e conselleiro de Presidencia, Xustiza e Deportes, no prazo dun mes, de acordo co disposto na Lei 39/2015 de 1 de outubro do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Santiago de Compostela, na data da sinatura dixital

O xefe do Servizo de Entidades Xurídicas e Corporativas
David Castro Sanmartin

Vº e praxe:
A subdirectora xeral de Réxime Xurídico
Ana Díaz Teijeiro

RESOLVO: de conformidade coa proposta que antecede
A secretaria xeral técnica
Elena Muñoz Fonteriz

